

Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
MEDIDA 1.4.9: Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75 % FEMP – 25 % Comunidade Autónoma

CONFRARÍA DE PESCADORES DE CELEIRO

RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR POLA QUE SE CONCEDE UNHA AXUDA AO PROXECTO COLECTIVO “LIMPEZA PEIRAO SUR” PRESENTADO POLA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CELEIRO (NIF G27008820) PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA, DA PROTECCIÓN DO AMBIENTE, DA SEGURIDADE E DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO E DA CALIDADE E DO CONTROL E RASTREXABILIDADE DOS PRODUTOS DESEMBARCADOS DA PESCA, COFINANCIADOS POLO FONDO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP) E TRAMITADA COMO EXPEDIENTE ANTICIPADO DE GASTO.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O 10 de febreiro do 2021, publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 27) a Orde do 19 de xaneiro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e das condicións de traballo, e da calidade e do control e rastrexabilidade dos produtos desembarcados da pesca, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

SEGUNDO.- O 10 de marzo do 2021, tivo entrada a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, solicitude da Confraría de Pescadores de Celeiro (NIF G27008820), relativa ás axudas indicadas no antecedente anterior.

TERCEIRO.- O 18 de xuño do 2021, o Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro emitiu informe en base ao disposto no artigo 18.1 da Orde, no que determina que o expediente cumpre os requisitos da convocatoria, incluída a viabilidade técnica e económica do proxecto.

CUARTO.- O 21 de xuño do 2021, de conformidade co disposto no artigo 19 da Orde a comisión de avaliación constituída na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, examinou e valorou o expediente, sen que figure unha avaliación individualizada de cada expediente porque a suma dos investimentos subvencionados nos expedientes non supera o crédito existente para as axudas (artigo 22.1 da Orde).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

ÚNICO.- O artigo 2 da Orde do 19 de xaneiro de 2021, establece o marco normativo ao que se atenderá para o outorgamento e execución das subvencións:

- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.
- Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.
- Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
MEDIDA 1.4.9: Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75 % FEMP – 25 % Comunidade Autónoma

- d) Regulamento delegado (UE) nº 2015/531 da Comisión, do 24 de novembro de 2014, polo que se complementa o Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.
- e) Regulamento delegado (UE) nº 2015/2252 da Comisión, do 30 de setembro de 2015, polo que se refire ao período de inadmisibilidade das solicitudes de axuda do FEMP.
- f) Regulamento delegado (UE) nº 1014/2014 da Comisión, do 22 de xullo de 2014, que complementa o Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no relativo ao contido e á construción dun sistema común de seguimento e avaliación das operacións financiadas no marco do FEMP.
- g) Regulamento de execución (UE) nº 1242/2014 da Comisión, do 20 de novembro de 2014, polo que se establecen, de conformidade co Regulamento (UE) nº 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, normas no que atinxe á presentación de datos acumulativos sobre operacións.
- h) Regulamento de execución (UE) nº 1243/2014 da Comisión, do 20 de novembro de 2014, polo que se establecen, de conformidade co Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, normas sobre a información que deben enviar os Estados membros, así como sobre as necesidades de datos e das sinerxías entre as fontes potenciais de datos.
- i) Regulamento delegado (UE) nº 2015/288 da Comisión, do 17 de decembro de 2014, polo que se complementa o Regulamento (UE) nº 508/2014 relativo ao FEMP, no que respecta ao período de tempo e ás datas en relación coa inadmisibilidade de solicitudes.
- j) Programa operativo para España do FEMP aprobado por decisión de execución da Comisión de 13.11.2015, e a última modificación aprobada pola Comisión en data 15.09.2020.
- k) Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- l) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- m) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- n) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.
- ñ) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- o) Decreto 132/2006, do 27 de xullo, en materia de rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións.
- p) Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- q) Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- r) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Polo tanto, en base á proposta de resolución de concesión de axudas formulada pola comisión de avaliación, e ao disposto no marco normativo aplicable, no uso das facultades que me foron delegadas,

RESOLVO:

CONCEDER á Confraría de Pescadores de Celeiro (NIF G27008820), a axuda para o proxecto colectivo, cos requisitos e condicións que a seguir se sinalan, e a cuxo cumprimento se compromete o beneficiario coa aceptación da axuda.

I. Requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos

Denominación	LIMPEZA PEIRAO SUR	Nº EXPEDIENTE	PE209N-2020/43
Identificación	Programa Operativo Español FEMP 2014ES14MFOP001		
	Prioridade 1		



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
MEDIDA 1.4.9: Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75 % FEMP – 25 % Comunidade Autónoma

	O.E 1.d) Fomento da competitividade e a viabilidade das empresas do sector da pesca, con inclusión da pesca costeira artesanal, e mellora das condicións de seguridade e traballo.	
	Medida 1.4.9- Portos pesqueiros, lugares desembarco, lonxas e ancoradoiros.	
Convocatoria	Convocatoria 2021 ao abeiro da Orde do 19 de xaneiro de 2021	
Organismo Intermedio Xestión	Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro	
Obxecto	Mellorar a calidade e incrementar o control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca	
Ubicación	Concello: Viveiro	Provincia: Lugo

II. Plan financeiro

Importe total do proxecto	6.466,00 €		
Importe total subvencionable	6.466,00 €	Porcentaxe da subvención	100%
Importe da subvención concedida	6.466,00 €		
	Importe público	FEMP (75%): 4.849,50 €	C.A. (25%): 1.616,50 €
Importe privado	0 €		

III. Prazo de execución

Proxecto plurianual (SI/NON)	NON	Anualidade 2021
Data de inicio	Dende a presentación da solicitude	
Prazo de execución e xustificación	Ata o 1 de decembro do 2021	

IV. Conceptos subvencionables

Ano 2021

Concepto	Importe orzamentado	Importe subvencionado	Motivo minoración/non subvención
Hidrolimpadora HDS 13/20-4S	4.636,00 €	4.636,00 €	
Hidrolimpadora HDS 5/15-UX	1.830,00 €	1.830,00 €	
TOTAL	6.466,00 €	6.466,00 €	

As inversións serán acordes coas indicadas no proxecto colectivo aprobado.





Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
MEDIDA 1.4.9: Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75 % FEMP – 25 % Comunidade Autónoma

V. Condicións xerais

O beneficiario da axuda, acepta e comprométese á:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión, con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, na orde de convocatoria e na demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a comprobación documental e material deste.
- b) Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.
- c) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se encontran ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- d) Comunicarlle ao órgano outorgante a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades para as que se solicita axuda, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución ou a consecución dos fins para os cales foi concedida a axuda de que se trate.
- e) Facilitar toda a información que lles sexa requirida en relación coas subvencións concedidas e someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar a entidade outorgante, así como os órganos de fiscalización e control da Comunidade Autónoma, da Administración xeral do Estado e da Unión Europea.
- f) Cumprir as condicións de admisión da solicitude do artigo 10.1 do Regulamento (UE) nº 508/2014, durante todo o período de execución da operación e durante un período de cinco anos despois da realización do pagamento final. Así, no caso de se detectaren infraccións ou fraudes en controis posteriores á concesión da axuda, e de conformidade co artigo 202 do Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046, poderase recuperar a axuda aboada indebidamente.
- g) Manter os investimentos obxecto de subvención durante cinco anos polo menos, ou tres anos no caso de pemes, posteriores á súa realización, de acordo co previsto no artigo 71 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.
- h) De acordo co artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013, si unha operación comprende inversións en infraestruturas ou inversións produtivas reembolsarase *pro rata temporis* a axuda si nos 5 anos seguintes ao pago ao beneficiario, ou 3 anos no caso de mantementos de inversión ou de postos de traballos creados por pemes, se produce o cese ou relocalización da actividade produtiva fora da zona do programa ou un cambio na propiedade dun elemento da infraestrutura que proporcione unha vantaxe indebida ou un cambio substancial que afecte á natureza, obxectivos ou condicións de execución da operación.
- i) Informar o público sobre a axuda obtida, dando adecuada publicidade con expresa mención á participación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e a súa porcentaxe de financiamento, nos seguintes termos:

O beneficiario debe recoñecer que a operación recibiu o apoio dos fondos e en todas as medidas de información e comunicación adoptará:

- 1.- O Emblema da Unión, de conformidade con las características técnicas establecidas no Regulamento de Execución (UE) nº 821/2014 e no Regulamento de execución (UE) nº 763/2014.
- 2.- Unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que apoia a operación.
- 3.- O logotipo da Xunta de Galicia.

Durante a realización da operación, o beneficiario informará ao público do apoio obtido dos fondos:



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
MEDIDA 1.4.9: Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75 % FEMP – 25 % Comunidade Autónoma

- 1.-Facendo una breve descrición da operación no sitio de Internet, no caso que dispoña dun, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, incluíndo os obxectivos, e destacando o apoio financeiro da Unión. A descrición deberá permanecer durante a execución do proxecto, e cando menos, ata a data do pagamento final da axuda.
 - 2.- Colocando un cartel con información sobre o proxecto (tamaño mínimo A3), no que se mencionará o apoio financeiro da UE, nun lugar facilmente visible para o público, como a entrada dun edificio.
 - i. Que o financiamento público total para o proxecto sexa superior a 500.000 €.
 - ii. Que o proxecto consista na compra dun obxecto físico ou no financiamento dunha infraestrutura.
 - iii. A placa ou cartel permanente deberá indicar o nome do proxecto, o seu obxectivo principal, o emblema e unha referencia á UE e a referencia ao FEMP, que ocuparán cando menos o 25% do cartel. Tamén se incluírá unha referencia ao logotipo da Xunta de Galicia.
- Se o investimento consiste na adquisición de maquinaria ou elementos móbiles, a publicidade levarase a cabo mediante a colocación dun adhesivo perdurable.

j) Manter un sistema de contabilidade separado, ou ben asignar un código contable axeitado que permita coñecer todas as transaccións relacionadas coa operación que se subvenciona, co obxecto de facilitar a pista de auditoría, de acordo co artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013 .

k) Proporcionar toda a información e datos necesarios para poder proceder ao seguimento e avaliación do programa operativo, de acordo co establecido no artigo 111 do Regulamento (UE) nº 508/2014, relativo ao FEMP. Así como, proporcionar a información relativa aos indicadores de resultados que sexa solicitada pola dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueira.

l) Independentemente do sistema establecido para a xustificación da subvención, deberán manterse á disposición da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo os documentos xustificativos relativos aos gastos subvencionados durante un prazo de dous anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación, para o cal informarse a beneficiaria da data de inicio do período mencionado.

Os documentos conservaranse ou ben en forma de orixinais ou de copias compulsadas de orixinais, ou ben en soporte de datos comunmente aceptados, en especial versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes unicamente en versión electrónica.

m) Non concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades afectadas polas situacións referidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

n) Manter, dentro do territorio da UE, os investimentos en infraestruturas ou produtivos polo menos dez (10) anos contados desde a data do último pagamento realizado á persoa beneficiaria. Esta obriga non será de aplicación ás pemes.

ñ) No caso de inversións relativas a eficiencia enerxética e a protección do ambiente (tipoloxía de proxecto), unha vez realizadas as actuacións, acreditarse que se reduciu a demanda ou consumo mediante un certificado de eficiencia enerxética emitido por técnico competente.

p) Comunicarase ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), os feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade, a través da canle de denuncia: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>.



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
MEDIDA 1.4.9: Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75 % FEMP – 25 % Comunidade Autónoma

A Consellería do Mar publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Tamén se publicarán no Diario Oficial de Galicia as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

No prazo de dez (10) días desde a notificación da resolución, os/as interesados/as deberán comunicar a aceptación ou o rexeitamento da subvención nas condicións expresadas nela, conforme o anexo II da Orde. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa nalgún dos sentidos indicados, entenderase tacitamente aceptada a axuda nas condicións fixadas nesta resolución, segundo dispón o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Por outro lado, a aceptación da axuda implica a aceptación da súa inclusión como beneficiarios/as na lista de operacións publicada de conformidade co artigo 119, apartado 2 e Anexo V do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao FEMP. Isto supón que a aceptación da axuda supón permitir a inclusión da operación e os seus datos na lista de operacións por Programa Operativo que a Autoridade de Xestión manterá para consulta a través da web.

A aceptación desta axuda leva implícita a declaración responsable do beneficiario de que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións establecidas na resolución.

Esta resolución incorpora o contido do documento (DECA) ao que se fai mención no artigo 125.3.c) do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, garantindo, polo tanto, coa notificación da presente resolución a comunicación á persoa beneficiaria do contido no dito precepto.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso - administrativo, perante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela
A Conselleira
(P.D. Orde do 08.09.2017 (DOG 21.09.2017))
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

